

ÁLVARO CUNQUEIRO



UNIDADE DIDÁCTICA PARA A ESO

María Xesús Nogueira

Unha iniciativa da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)

www.aelg.org

Co patrocinio do Centro Español de Derechos Reprográficos (CEDRO)

www.cedro.org

Vida e obra



Estatua de Cunqueiro mirando as torres da Catedral de Mondoñedo

Gustáballe lembrar a Álvaro Cunqueiro que nacera en Mondoñedo un 22 de decembro de 1911. Da cidade e dos primeiros anos gardou sempre un recordo feliz que deixou pegadas na súa obra.

O escritor era fillo de Joaquín Cunqueiro Montenegro, boticario instalado nun lugar cheo de historia como eran os baixos do Pazo Arcebispal. Os coñecementos transmitidos ao rapaz, familiarizado axiña con plantas medicinais e nomenclaturas, enriquecéronse coas conversas que escoitaba na rebotica, lugar onde se facía tertulia, ou na barbaría do Pallarego, á que ás veces acudía para ler o xornal aos clientes. "Eu sabía tódalas herbas do mundo", contáballes a Carlos Casares nunha entrevista concedida pouco antes da súa morte¹. A figura materna marcou tamén os primeiros anos de Cunqueiro. A Pepita Mora recordouna como unha excelente e divertidísima contadora de contos, dotada dunha gran fantasía.


Nestes anos de formación dátase tamén unha curiosa anécdota que o escritor recordou en numerosas ocasións. Trátase da escritura dunha noveliña de indios e vaqueiros na que emprega por vez primeira a lingua galega:

Entón aquela semana non nos deran cartos para compra-lo *Bufallo Bill*, e todos aqueles cuadernos que comprabamos os sábados. Ibamos á librería e estabamos esperando que chegase o paquete de correos para comprar historias a mollos. O caso é que eu escribín unha historia, unha historia do oeste, claro, que era o que eu dominaba, cos "cheyennes", os meus favoritos, que tiñan un dobre cinto cando iban á guerra. Eu quería que os indios falasen un idioma diferente dos outros. Entón púxenos a falar en galego. Era unha historia arredor dun río. Os brancos querían facer unha fonte e os "cheyennes" non os deixaban. Isto coincidía con que nalquel momento había en Mondoñedo un problema cunha fonte, que foi o que me debeu servir de motivo. Sinto moito ter perdido o caderno, que andivo moito tempo pola casa. Era unha

¹ Carlos Casares, "Leria con Álvaro Cunqueiro". *Grial* 72, 1981, pp. 202-209

historia moi bonita. Ós meus amigos divertíaos moito. Foi o primeiro galego que escribín².

Rematada a etapa de ensino primario, Cunqueiro trasladouse a Lugo para cursar o bacharelato. A nova experiencia supuxo o descubrimento do universo infindo das lecturas e o coñecemento dalgunhas amizades coas que compartiría de alí en diante o interese pola literatura. É o caso do narrador Ánxel Fole ou do poeta Luís Pimentel. O seguinte destino da vida de Cunqueiro foi Santiago de Compostela. Alí chegou o mozo para iniciar uns estudos universitarios en Filosofía e Letras que nunca chegou a rematar. A súa curiosidade dirixíase antes cara ao mundo cultural compostelán (coas animadas tertulias no café Español e no Derby) que cara ao currículo dunha carreira na que, segundo recorda, o catedrático de latín Moralejo o suspendía coa regularidade dun reloxo suízo. Alí compartiu horas de lecer cos pintores Carlos Maside e Luis Seoane, co escritor Ánxel Fole (amigo lugués), con Ricardo Carballo Calero e con Domingo García-Sabell. Nestes anos, transcorridos entre Santiago e o Mondoñedo natal, comezou a publicar os seus primeiros textos en revistas e a fundar os seus propios proxectos, como *Galicia*, a editorial *Un* ou a folla voandeira *Papel de Color*. É ademais nesta época cando ven a luz os primeiros libros de poemas, dos que se falará na sección seguinte.



Retrato de xuventude

Os proxectos de Álvaro Cunqueiro, como os doutros moitos intelectuais do seu tempo, víronse bruscamente modificados por uns acontecementos que xebraron o curso do século: o levantamento militar de 1936, a Guerra Civil e a ditadura militar instaurada ao seu remate. Nun período dominado polo terror, a proximidade ao Partido Galeguista, no que chegara a militar, levouno a seguir o consello dun amigo e aceptar o traballo nunha publicación próxima ao réxime franquista: *Era Azul*, de Ortigueira. Comeza deste xeito o que durante moito tempo será o novo oficio de Cunqueiro, o xornalismo, que exerceu nos anos sucesivos en *El Pueblo Gallego* de Vigo, *La Voz de España* de Donosti e, finalmente, no diario madrileño *ABC*.

Foi un incidente co embaixador francés, derivado do incumprimento dun encargo, o que motivou un conflito diplomático que acabou coa retirada do carné de xornalista en 1944. A sanción, magnificada pola dimensión internacional, supuxo o retorno de

² *Op. cit.*, p. 204.

Cunqueiro a Mondoñedo logo dunha carreira de éxito no xornalismo. Semellante contratempo, que apartou o escritor do periodismo madrileño, obrigouno a gañar a vida con colaboracións para distintos medios, que enviaba desde a súa cidade natal. Alén disto, levouno tamén a iniciar unha fértil escritura narrativa en galego, animado polo seu amigo Francisco Fernández del Riego, quen lle requiriu unha novela para a Editorial Galaxia. Con *Merlín e familia* (1955) comezaba un intenso proxecto narrativo desenvolvido ao longo das seguintes décadas, nas que tamén retomou a escritura poética e atendeu ademais o teatro e o ensaio.

En 1961 Cunqueiro fixou a súa residencia en Vigo, ao incorporarse ao cadro de persoal do xornal *Faro de Vigo*, do que chegou a ser director. Os últimos anos da súa vida estiveron marcados polo recoñecemento de intelectuais e mesmo de institucións, como a Universidade de Santiago, que o nomeou Doutor Honoris Causa. O 28 de febreiro de 1931 morreu en Vigo. Os seus restos foron enterrados no cemiterio de Mondoñedo, e na lápida recolleuse un epitafio seu formulado nunha homenaxe celebrada en Vigo en 1980: "Eiquí xaz alguén que coa súa obra fixo que Galicia durase mil primaveras máis".

ACTIVIDADES:

- Que singularidades aprecias entre a infancia de Cunqueiro e a doutros rapaces? En que medida cres que puideron influír na súa obra?
- Cal consideras que foi o acontecemento máis importante da vida de Cunqueiro? Razona a resposta
- Fai un cómic breve no que deas conta os feitos principais na vida do escritor.

TEXTO 1

Nací en Mondoñedo, sí. Es una vieja ciudad con obispado, catedral, en el fondo de un valle muy pequeño pero muy hermoso, con una larga familia mía allí y en valles cercanos, en aldeas cercanas. ¡Mucho campesino y mucho labrador en mi familia!

De una manera o de otra en todos mis libros está un pouco Mondoñedo. Todas las ciudades pequeñas de las que hablo son un poco mi ciudad por muy diferentes que sean. Tanto me da que sea una ciudad griega adonde llega Ulises o una ciudad de Bretaña adonde llega el sochantre con las ánimas, todas las ciudades son un poco mi ciudad.

Para mí la huella de aquellos años de infancia en aquel valle, pues ha imprimido carácter, es decir, yo soy de allí de una manera irrefutable.

G. Ricci (Declaracións recollidas en Ramón Nicolás, *Entrevistas con A. Cunqueiro*. Vigo: Nigra, 1994).

- Cunqueiro refírese ás cidades de *Las mocedades de Ulises* e *As crónicas do sochantre*.

ACTIVIDADES:

- Explica a pegada que deixou a cidade de Mondoñedo na obra de Cunqueiro?
- Con que trazos caracteriza esta cidade nas declaracións que fai a Ricci?

TEXTO 2³

MONDOÑEDO.- Cidade de Galicia, sonada polos Bispos, e polo cabalar das San Lucas, i onde nacéu o Señor Cunqueiro, que puxo en formado istas historias. É rica en pan, en augas i en latín.

Índice onomástico de *Merlín e familia*

- Cunqueiro adoitaba incorporar ás súas obras índices onomásticos que recollían personaxes e topónimos. Ás veces son verdadeiros microrrelatos que complementan e prolongan as historias dos personaxes narradas no texto.

ACTIVIDADES:

- ▶ Por que inclúe Mondoñedo no índice onomástico de *Merlín e familia*?
- ▶ Como interpretas a frase “rica en pan, en augas e en latín”?

TEXTO 3

A última homenaxe que se lle adicou ao escritor en vida tivo lugar en Vigo. En abril de 1980 sinalouse unha rúa co seu nome. (...) Na ocasión expresou un desexo: “Si algún día despois de morto se quixera facer de min algunha louvanza, e eu estivera dando erbas á nosa terra, podería decir na miña lápida, que *aquí xace alguén que coa súa obra fixo que Galicia durase mil primaveras máis*”⁴.

- Esta frase converteuse nun verdadeiro tópico á hora de falar do escritor e do seu compromiso coa lingua galega.



Tumba de Cunqueiro no cemiterio de Mondoñedo

³ En todos os textos que se reproducen nesta unidade didáctica foi respectada a lingua orixinal.

⁴ Francisco Fernández del Riego, “Memorias do home e do escritor”. En Miguel Anxo Seoane (coord.), *Alvaro Cunqueiro, unha fotobiografía (1911-1981)*, sen paxinación.

■ No discurso pronunciado con motivo da homenaxe que recibiu en Vigo afirmou tamén: "Loubado seña Deus, porque me permitiu nacer, medrar, facerme home e agora envellecer neste grande reino que chamamos Galicia... Loubado sexa Deus por terme dado o don da fala nosa... Tamén teño que dar grazas a Deus por haber nacido nesta nación galega entre vós..."


ACTIVIDADES:

- ▶ Que é un epitafio?
- ▶ Coñeces algún outro epitafio famoso? Procura información.

O poeta

Definiuse nalgunha ocasión Cunqueiro como poeta antes que nada, por máis que ao longo da súa vida ensaiase, e con fortuna, diferentes xéneros.


Poéticas foron algunhas das primeiras colaboracións, aparecidas nas revistas que antes se mencionaron, e poético o seu primeiro libro, *Mar ao Norde* (1932), publicado con 21 anos e, como tamén lle gustou dicir, cun “corazón novo do trinquete”.



Este primeiro poemario cómpre enmarcalo na asimilación por parte dos poetas máis novos das vangardas que triunfaran en Europa a comezos do século XX. Tales modelos caracterizados pola experimentación (ausencia de significado, xogos gráficos, imaxes innovadoras, afastamento da representación da realidade) deran xa un dos seus froitos máis logrados algúns anos atrás: o libro *De catro a catro* (1928), do rianxeiro Manuel Antonio, obra que influíu claramente no *Mar ao Norde* cunqueirián. O libro do mindoniense conta ademais con debuxos do seu amigo, o escritor e pintor Luís

Seoane, que se había de converter en ilustrador destes primeiros proxectos.

A esta publicación de xuventude seguiron *Poemas do si e non* (1933) e *Cantiga nova que se chama riveira* (1933). O primeiro é un conxunto unitario de composicións de temática amorosa na que se aprecian influxos surrealistas. O segundo encádrase dentro dunha corrente, cultivada principalmente por Fermín Bouza Brey e o propio Cunqueiro, que imita cunha linguaxe renovada as cantigas trobadorescas medievais. O *neotrobadorismo*, nome que recibiu esta estética, xurdiu no momento no que os cancioneros medievais, descoñecidos até entón, foron descubertos e comezaron a ser difundidos.



Na posguerra Cunqueiro publicou *Dona do corpo delgado* (1950). O libro recollía, alén de composicións neotrobadorecas e de inspiración medieval –como a que o propio título indica–, textos de diferentes épocas.

En 1980 viu a luz *Herba aquí e acolá*, un libro que reunía composicións das dúas décadas anteriores. O poemario formaba parte do volume *Obra en galego completa. I. Poesía e teatro*, publicado pola Editorial Galaxia. O verso de Cunqueiro evoluciona nesta obra cara a temas como a condición humana, o amor, a nostalxia ou o paso do tempo. Un dos trazos máis salientables é a influencia de autores da literatura universal cos que establece unha sorte de diálogo mediante citas e alusións. Esta práctica, coñecida como “intertextualidade”, e a incorporación de referencias culturais diversas (o “culturalismo”) emparentan a Cunqueiro cos autores máis novos que estaban comezando a publicar a comezos dos oitenta e que axiña consideraron *Herba aquí e acolá* un libro de cabeceira.

TEXTO 4:

Illa: oco insumiso,
infantil xogo:
 xa non estás
entre a túa mesma luz.
Xa rodas lonxe dobregada en todo,
¡qué perfeita e qué descoñecida illa!

(Mar ao norde)

ACTIVIDADES:

- ▶ Que imaxes emprega para a descrición da illa?
- ▶ Con que figura feminina cres que a e pode estar a comparar?
- ▶ No poema, a illa semella cobrar movemento. Con que expresións se consegue este efecto?
- ▶ Fai unha composición plástica na que representes a túa interpretación desta illa cunqueiriana.
- ▶ Compara esta composición coa ilustración de Luís Seoane que figura no poemario.
- ▶ Procura información sobre a figura polifacética de Luís Seoane.

TEXTO 5:

No niño novo do vento
hai unha pomba dourada,
meu amigo!
Quén poidera namorala!

Canta ao luar e ao mencer
en frauta de verde olivo.
Quen poidera namorala,
meu amigo!

Ten áers de frol recente,
cousas de recén casada,
meu amigo!
Quen puidera namorala!
Tamén ten sombra de sombra
e andar primeiro de río.
Quén poidera namorala,
meu amigo!

(Cantiga nova que se chama riveira)

ACTIVIDADES:

- Que elementos da cantiga trobadoresca (léxico, expresións, temas, recursos retóricos) identificas na composición?
- Con que xénero da poesía trobadoresca relacionarías esta cantiga?
- Que personaxe esconde baixo a expresión “pomba dourada”? Razoa a resposta.
- Ao longo da composición insítese na idea de xuventude. Con que expresións?
- Existe unha popular versión desta cantiga musicada por Luis Emilio Batallán (dispoñíbel no blog *Son de poetas*, <http://sondepoetas.blogspot.com>). Que cambios aprecias entre a versión orixinal e a musicada no relativo ao texto? A que cres que obedecen? Coñeces outras cancións cuxa letra sexa orixinariamente un poema?
- Na páxina *Son de Poetas* podes tamén escoitar outras interpretacións deste mesmo texto levadas a cabo por Amancio Prada, Milladoiro, Astarot e Xoel López. Cal de todas elas che parece a máis orixinal? Cal é a túa preferida? Razoa nos dous casos a resposta.

■ En *Son de Poetas* podes ademais escoitar versións de “Polos teus ollos quen pasóu, amiga” (*Cantiga nova que se chama riveira*) e “Unha canción foi prohibida no Sur” (*Herba aquí e acolá*).

TEXTO 6:

ELA

-POEMA 4

Ela andaba á beira da sua fiestra, tan cursi!
que tiña laranxas verdes e un abano con paxaros.

-Que vidro nasceu naquela goteira que toda a
noite soa a vals?

Ela tiña unha alma inxel chea de pontas de dedos
e no branco dos ollos levaba un horizonte de tangos de acordeón.
Ela andaba a namorar.

(*Poemas do si e non*)

■ O poema recupera uns versos de *De catro a catro*, do poema “Lied Ohne Worte” [Canción sen contido]:

Noiva miña
 vestida de lúa
que romantizas
 ¡tan cursi!
 polo xardín

Senteime a proa
fumando a miña pipa
Pero outra noite pensarei en ti

ACTIVIDADES

► Que cualificativo antirromántico se lle atribúe aos personaxes femininos (á *noiva*, no caso do poema de Manuel Antonio; a *ela*, no caso do de Cunqueiro)?

Con que imaxes remarcen tal condición un e outro?

► Identifica, na estrofa terceira do poema de Cunqueiro, dúas imaxes de afastadas da lóxica, propias do surrealismo. Tenta visualizalas e representalas mediante un debuxo.

TEXTO 7:

Ese alguén de meu que nunca volve
á auga da infancia
sin saber saír do laberinto.
Ese que é outro home que eu levo
derrubado sobre min
ou como a hedra go carballos abraza.

En balde lle digo que hoxe recollen
as coloradas mazáns
e que hai que buscar as que caen entre a herba.
Veradeiramente é como levar un morto
nada apetece e de nada se lembra
preguizoso sombrío. A seu carón vivo
e o eu que canta e volve
mira de esguello pra ónde xaz
e olla cómo podrecen nel os soños e os anceios
a mocidade que foi e as sorrisas das mulleres
todo o que foi amado e recibido
todo o que foi e nunca máis será.
Pro o eu que vive e anda
resiste e non esquece ren,
despedíndose farto da vida
cando a vida de meu e máila súa acaben.
Pro eu resucitarei que soio volven
os que recordan, compañeiros.

(*Herba aquí e acolá*)

- Que cambios percibes neste texto con respecto aos poemas anteriores, pertencentes aos libros de xuventude?
- No texto, a persoa móstrase escindida en dúas. Anota, empregando o cadro que segue, as características dunha e outra:

O eu "que nunca volve á auga da infancia sin saber saír do laberinto"	"O eu que vive e anda"

Que actitude os diferencia?

- En que momento da vida está escrito o poema?

O narrador

A de narrador foi unha das máis importantes facetas da escritura de Cunqueiro. Deixando a un lado aquela noveliña de indios e vaqueiros, da que tan só temos a súa lembranza, o escritor comezou ensaiando o relato breve en castelán (*El caballero, la muerte y el diablo*, *La historia del caballero Rafael* ou *Balada de las damas del tiempo pasado*). Foi durante o seu retiro mindoniense, cando iniciou verdadeiramente a súa andaina como narrador. Fíxoo, como xa se dixo, en lingua galega, e animado polo amigo Francisco Fernández del Riego.

A narrativa galega tentaba naqueles anos superar os anos de silencio da ditadura . Non eran moitos, polo tanto, os modelos que o escritor tiña como referencia, fóra dunha narrativa chamada “de circunstancias”, que daba conta dalgunhas aventuras autobiográficas acontecidas durante a Guerra Civil. Alén disto, na literatura española estaba a triunfar nos anos 50 do século pasado a estética que se coñece como “realismo social”. Trátase de narracións que adoitan ter un protagonista colectivo, que critican a sociedade do momento e denuncian os conflitos existentes (sociolóxicos, laborais, etc.).

Neste panorama, a aparición de *Merlín e familia* (1955), primeira novela de Cunqueiro, supón unha novidade que non foi, no seu momento, entendida por todos. O escritor tomaba un personaxe lendario (da chamada “materia de Bretaña”, que xira arredor do Rei Artur e os Cabaleiros da Táboa Redonda) para inserilo e nun tempo próximo e recoñecible, e nun espazo galego como é Miranda. Á residencia de don Merlín –tal é o nome que recibe o mago na obra do mindoniense– acudían persoas de todos os lugares na procura da súa sabedoría. O ir e vir de xentes daba lugar á narración polo seu paxe, Felipe de Amancia, de historias maravillosas. Cunqueiro utiliza ademais *materia da Bretaña* dun xeito lúdico, a diferenza do que fixera, por exemplo, algúns anos atrás Ramón Cabanillas, cando a aproveitaba estas lendas en *Na noite estrelecida* para construír unha alegoría política.




Igualmente insólita resultaba na literatura galega a localización da seguinte novela, *As crónicas do sochantre* (1956). Neste caso era a Bretaña francesa, unha terra que, curiosamente, Cunqueiro tan só visitou anos despois de escribir o libro. Por esa xeografía facía transitar a curiosa carroza de ánimas, á que foi convidado a subir o Sochantre de Pontivy. Para expiaren os seus pecados, estes personaxes de ultratumba estaban obrigados a viaxar durante o día e a contar a súa historia, noite tras noite, cando ían perdendo a súa aparencia humana e converténdose en esqueletos.

Cunqueiro publicou aínda unha terceira novela en lingua galega, *Si o vello Sinbad volveuse ás illas* (1961). Do mesmo xeito que fixera na primeira narración, toma emprestado un personaxe da literatura universal, como é o Simbad d'*As mil e unha noites*. Na súa localidade mariñeira de Bolanda, onde pasa os últimos anos da súa vida, Sinbad vese obrigado a narrar –igual que lle acontecía a *Sherezade* no famoso conto– para manter o seu prestixio. As aventuras de viaxes e de illas fabulosas coas que cada día ten gañar o respecto de veciños e pilotos que andan de paso vanse afastando, o mesmo que o rumbo da súa propia vida, cada vez máis da realidade. Sinbad é finalmente derrotado polo peso desta cando non é quen de inventar historias e, polo tanto, de *soñar*. O personaxe convértese así nunha metáfora da imaxinación.



Ademais destas tres narracións longas, Cunqueiro escribiu unha serie de relatos curtos que teñen como protagonista un personaxe de procedencia galega, case sempre da contorna mindoniense. O escritor crea unha fórmula moi particular baseada na descrición (nome, trazos físicos, orixe, profesión, habilidades), denominado *semblanza* ou *retrato*. O primeiro destes libros, *Escola de menciñeiros* (1968) presenta un conxunto de personaxes que exercen este oficio, tan enraizado na cultura popular, ademais dun bestiario de animais reais e fantásticos e algún outro retrato. A esta obra seguiron *Xente de aquí e de acolá* (1971) e *Os outros feirantes* (1979). Os propios títulos indican xa trazos como a vontade de retratar a colectividade humana galega, e a importancia da feira como lugar de encontro. Moitos destes relatos apareceron publicados previamente na prensa.



Cunqueiro traduciu varias das súas obras ao castelán, lingua na que escribiu ademais as novelas *Las mocedades de Ulises* (1960), *Un hombre que se parecía a Orestes* (1968), *Vida y fuga de Fanto Fantini della Gherardesca* (1972) y *El año del cometa* (1974).

Os prexuízos cos que foi recibida por algúns a súa obra, por se ver nela unha vontade de evasión da realidade fronte o compromiso que imperaba na narrativa do momento, foron desaparecendo co paso do tempo. A rebordante imaxinación e o gusto por contar historias foron recoñecidos como trazos principais da súa obra.

TEXTO 8:

Tal e como agora eu vou, vello i anugallado, perdido cos anos o lentor da moza fantasía, pónseme por veces no maxín que aqués días por min pasados na frol da mocidá, na antiga e longa selva de Esmelle, son soio unha mentira, que por ter sido tan contada e tan matinada na memoria miña, coido eu, o mintireiro, que en verdade aqués días pasaron por mín, i aínda me labraron soños e inquedanzas tales xeiras, como unha afiada trinchá nas máns dun vago e fantástico carpinteiro. Verdade ou mentira, aqués anos da vida ou da maxinación, foron enchendo cos seus fíos o fuso do meu espírito, i agora podo tecer o pano distas historias, novelo a novelo. Cando de obra de nove anos cumpridos por Páscoa, coa pucha na mán, acheguéime á porta de mi amo Merlín, quén diría que ma iban a encher, a pucha nova, das máis misteriosas maxias, engados, trasegos, inventos, tendollos e feitizos? Nunca galano coma iste, digo eu, lle foi feito a un rapaz, e, coma dun corno maravilloso, eu tiro fita tras fita, conto tras conto, ecos meus propios ollos miro pasar toda aquela troupada profana que a Merlín acudía i aos seus sete saberes: en Merlín amecíanse, tal as liñas dun xastre invisibre, tódolos camiños do trasmundo. Il, o mestre, facía o nó que lle pedían. Xa o veredes.

(Merlín e familia)

- O texto pertence á nota que introduce *Merlín e familia*. Está posto en boca de Felipe de Amancia, paxe de Merlín e narrador da obra. Nel aparece por vez primeira a referencia á Selva de Esmelle, lugar “que cai á man dereita, vindo pra iste reino pola banda de León”, onde se atopa Miranda, “a pousada de don Merlín”.

ACTIVIDADES:

- En que momento da vida escribe Felipe de Amancia esta narración?
- Felipe de Amancia chega a dudar se aqueles anos foron verdade ou produto da súa imaxinación. Que importancia lle dá a isto no seu relato?
- A que idade se converteu en paxe de don Merlín?
- Felipe de Amancia recorda todo o que metaforicamente Merlín lle meteu na pucha nova. Cal foi o verdadeiro *galano* que o mago lle fixo?
- Procura algunhas representacións gráficas do personaxe do mago Merlín en ilustracións de libros, na pintura, no cómic ou no cinema. Elabora un dossier de imaxes e indica cal delas se corresponde máis, na túa opinión, co Merlín de Cunqueiro.
- *Don Merlín* (outras veces *o señor Merlín*) non é unha denominación habitual para se referir ao personaxe, como o son *o mago Merlín*, *Merlín o encantador* ou simplemente *Merlín*. Tamén a raíña Xenebra (tomada igualmente da materia da Bretaña), que vive con el na casa de Miranda, é denominada *doña Ginebra*. A que cres que se pode deberse? En que medida caracteriza estes personaxes a fórmula de tratamento?

TEXTO 9:

Ás vegadas, por facer festa, o señor Merlín saía á eira, e nunha copa de cristal chea de auga, verquíu dúas ou tres gotas de licor que il chamaba “dos países”, e sorrindo, con aquela aberta sorriso que lle enchía a franca faciana como enche o sol a mañán, preguntábanos de que coor queríamos velo mundo, e sempre que a min me tocaba responder, eu decía que de azul, i entón don Merlín botaba a iauga, ao áer, e por un segundo todo, Esmelle todo arredor, as brancas torres de Belvís, as pombas i o can Ney, o roxo pelo de Manoeliña, a branca barba de mi amo, o cabalo tordo, as bidueiras de Quintás i o toxo da coroa do Castro, todo era unha longa nuben azul que pouco a pouco se esváia. O señor Merlín sorría namentres secaba a copa con un pano mouro. Esmelle, selva longa i antiga, na memoria lévoa eu de azul pintada, como si un enorme e morno luar apousara, nun repente, na terra.

■ Manoeliña de Calros é unha criada da casa de Merlín, na que tamén viven os cans Ney e Norés.

ACTIVIDADES:

- Onda don Merlín acoden xentes de todos os países para pedirlle os prodixios máis fabulosos. Cal é a finalidade da que Felipe de Amancia recorda nesta pasaxe?
- Fai unha composición gráfica con esta escena.
- Imaxina que tiveses que representar (no teatro ou no audiovisual) a escena do *licor dos países*. Que música escollerías para o momento final?

TEXTO 10:

Sinbad é alto, afeitado, e ten andar de muita gravedá, aínda que teña a perna dereita un chisco máis curta que a esquerda; ten barba branca moi mesta e sin partir, e cáse tódolos xoves coa navalla de pulso faille un arredondo, e pra que se volva na punta pon polas noites brizadoras de pausanto. Gasta sempre turbante de dril tirando a marrón, i é mui encellado, e por debaixo da silva pilosa amosa a i-alma pólos grandes ollos mouros. Digo que amosa a i-alma póla inocencia i entusiasmo do seu ollar, porque os ollos seus non calan nada, nin bulras nin veras, e adiantándose, cando Sinbad fala, ás verbas súas, alertando, sorrindo, atristando. Ás veces poidéranse ver países en festa nos ollos seus. Ten un falar mui súpeto, e vai decindo mui seguido e rápido, e párase e mete un silencio que pode ser dun coarto de hora. Unha vez contaba dunha viaxe á Malaca, ao grán pimenta, i estaba decindo por onde as vagas dos estreitos, e nesto calou, e pasaba o tempo e calaba, e preguntáronlle por qué non seguía e non contestou, e pasou outro tempo e tódolos presentes ollaban pra el, de pé e as mans diante, palpando o áer, e botou todo o corpo á esquerda, endereitouse, sorriu e seguiu falando, pedindo denantes de tomar o

fío da historia, que perdoasen o suspenso, pro que estaba a marea no avalo en aquel Saopang de que falaba, e tivera que facer uns tecidos nas correntes, e salvara a nao metendo todo a estribor. Sentado, Sinbad non está nunca quedo, e todo é mecer o cú no asento, e pór o pulgar dereito no narís e aspirar cheiros; adiviñá así moitas veces de qué país ven a xente que atopa no páteo da fonda, ou no páteo da fonda, ou no peirao, ou nun camiño. Sentado tan mariñeiro como é, non por eso deixa de ser labrego, i érguese de cedo par regar no horto e limpar o canle do saído e arrincar o mercurial, e acáeselle mui ben o sacho, e poda i enxire, e sempre ten mui bós repolos e alcachofas sevillanas.

- O texto presenta unha descrición moi completa de Sinbad. Anota os distintos no cadro que segue os trazos utilízalos para levala a cabo:

TRAZOS FÍSICOS E RELATIVOS Á XESTUALIDADE E VESTIARIO	TRAZOS RELATIVOS Á PERSONALIDADE	TRAZOS RELATIVOS AO COMPORTAMENTO	OUTROS Trazos QUE CHE PAREZAN RELEVANTES

- Procura información sobre o personaxe do Simbad de *As mil e unha noites*. Que diferenzas atopas con respecto ao de Cunqueiro?
- Fai a túa propia interpretación plástica de Sinbad e compáraa coa retrato que del fixo Xohán Ledo na edición orixinal.

TEXTO 11:

PERRÓN DE BRAÑA

Perrón sangraba sempre no crecente. Viña moito pola botica de meu pai. Curaba con sangrías, papas de avea ou de centeo, baños quentes e moitas horas de sono. Coñecía as doencias dos seus clientes pola voz. Polo que ten dito, parez que hai nove tonos. O enfermo do fígado non ten a mesma voz que o que padez dos rís, ou do estómago, ou do corazón. Na súa terapéutica tiña moita importancia o sono. Ficaba á cabeceira da cama dos doentes pra velos dormir.

[...]

Perrón, ademais, curaba con historias. Contáballe ó doente unha adiviñanza ben retorta e chea de cabos soltos.

—Cando veña a sangrarte, a ver si ma tes sacada.

O enfermo pasaba horas e horas discorrendo, sacándolle a figura á adiviñanza de Perrón. Os enfermos de Perrón devecían polas historias que contaba iste, comentábanas, parrafeábanas coa familia, cos veciños, soñaban coelas.

Poucas adiviñanzas eran acertadas. Eran, polo que teño ouvido, historias de tesouros escondidos, de pleitos e de roubos, e falaban nelas franceses e animás: golpes, lobos, denociñas, corvos... O Grilo de Abeledo, que tiña fama porque adeprendera nunha noite tódolos xogos de cartas cando foi a servir a El Rei, sacoulle unha vez unha adiviñanza a Perrón.

—Sacoulle unha de sete zocas que calzaban catro homes, e ningún era coxo, contoume Pardeiro o vello.

Cando se finou o Grilo, o crego de Labrada andaba medio cabreado. En acabando de reseponsar, queixábase:

—¡E foise o Grilo sin decirme a correuta das sete zocas i os catro homes!

ACTIVIDADES:

- Que elemento autobiográfico aparece no fragmento?
- Que técnicas de curación empregadas por Perrón de Braña se mencionan no texto?
- *Perrón de Braña* é unha forma tradicional de denominar unha persoa (nome –ou talvez alcume– e lugar de procedencia). Identifica os personaxes mencionados no fragmento e explica de que maneira (nome oficial, nome de pía, fórmula tradicional, alcume) se refire o narrador a cada un deles.
- Serías quen de resolver a adiviñanza que non *sacou* o Grilo?
- O personaxe do menciñeiro entronca co tema da medicina popular, da que podes atopar información na páxina *Galicia Encantada. Enciclopedia popular da fantasía* (www.galiciaencantada.com), no vínculo *Medicina*. Explica algunha doenza ou remedio tradicional que coñezas?

O dramaturgo

O teatro foi outro dos xéneros cultivados polo polifacético Cunqueiro. O seu primeiro ensaio foron pezas curtas, como *Rúa 26 (Diálogo limiar)*, publicada na revista *Yunque* en 1932, ou *Xan, o bo conspirador*, datada en 1933 e publicada en 1978. Tratábase de textos experimentais, en sintonía co vangardismo practicado polo escritor nos seus textos poéticos.

A obra máis importante é, sen dúbida, *O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, escrita en 1958 e representada no ano seguinte na Coruña e en Lugo, despois de superar os atrancos da censura. Cunqueiro fai unha persoal interpretación da lenda de Hamlet, vingador da morte de seu pai a mans do seu tío para lle usurpar a coroa, na que bota man doutro mito, o de Edipo, para resolver a intriga.



Representación d'*O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca* polo Centro Dramático Galego (1991)

O texto coñecido popularmente como *Don Hamlet* apareceu publicado en 1959 e posteriormente en 1974 xunto con tres pezas máis: *A noite vai coma un río* (1965), *Palabras de víspera* (1968) e *Función de Romeo e Xulieta* (1956). A primeira delas testemuña o interese de Cunqueiro por incorporar o xénero teatral á narrativa, pois a versión castelá da peza forma parte de *Un hombre que se parecía a Orestes* (1968). Esta mesma técnica desenvolveuna en *As crónicas do sochantre* (1956), á que incorporou a *Función de Romeo e Xulieta* representada polos macabros personaxes que viaxan na carroza, e en *Si o vello Sinbad volveuse ás illas*, onde incluíu como apéndices as “Escenas segunda e vixésimo quinta da peza de teatro chinés chamada *A dama que engañada por un demo elegante quixo mercarlle ao vento a perdiz que falaba* ou *A verdadeira historia dun mandarín que por non gastar quedou cornudo*”. Esta práctica é reveladora da importancia do teatro no conxunto da obra de Cunqueiro.

TEXTO 12:

Esta peza foi escrita no outono de 1958. Soplabo tanto vendaval no meu Mondoñedo coma soplan ventos do Oeste en Elsinor. Eu tíñalle dado moitas voltas no maxín á traxedia de Shakespeare, e din na teima de que había algo no máis fondo do conto que non tiña sido usado polo dramaturgo inglés. Rogo que se acepte que estas liñas están escritas cunha humildade sin reservas. E un día veume, coma un lóstrego, a revelación: o Usurpador, era o verdadeiro pai de Hamlet. Entón, todo cadraba millor. Entón tamén cadraba que a raíña de

Dinamarca, a nai de Hamlet, se procurara unha salvación da vinganza do fillo, unha salvación dada, dunha vinganza que a Hamlet se lle tiña pedido, ou que el mesmo imaxinara. Igoal dá. Coidamos que hai pantasmas que nos piden cousas que son as mesmas que estamos dispostos ousar. Cadra todo: a morte do pai e as bodas coa nai. Estabamos con Edipo, pois, e cunha forma da máis famosa das léndas que predican do home, que contan do home que pra sélo matou a seu pai e casou coa súa nai... Entón, esta peza nace coma unha explicación máis –pro como a explicación que en certo modo podemos decir “eterna”-, dun suceso chamado Hamlet.

(Nota incorporada á *Don Hamlet e tres pezas máis*, 1974)

- A lenda de *Hamlet*, popularizada pola peza teatral de William Shakespeare (1564-1616) data do século XII e foi recollida polo historiador Saxo o Gramático.
- Segundo a tradición, Edipo, Rei de Tebas, matou sen sabelo a seu pai e casou coa súa nai.

ACTIVIDADES:

- Procura imaxes sobre o personaxe de Hamlet. Como o representan?
- Onde se atopa Elsinor? Con que cidade a compara Cunqueiro no texto? Por que?
- Con que outros nomes de personaxes cunqueiriáns relacionas a fórmula *Don Hamlet*?

TEXTO 13

XULIETA

“Costume non perdín de che falar, pois pombas hai, Xulieta, mui veciñas de meu en Siena. Costume non perdín de te ouvir, rula dos ollos entreabertos da mañán, e pois xa o corazón manda ir e vir polo meu sangue un fadigado vaso de memorias... Aperto lirios contra o meu peito e digo ¡Xulieta! Entro soñando na túa cámara, e o pó que me cobre, cinza de rosas que por amor de ti medraron en min pra morrer tan axiña como deixache de miralas, é unha terra mouro e fría que fai de min un morto desenterrado. Pantasma son dos días idos, i é por esto por que non me ves, nin escoitas o paso do meu coma unha sombra por entre a fogueira dos teus brazos, e québrome de sede, entón, e volvo en min, canso máis aínda do traballo de resucitar a traveso dun soño a carne miña e a alma túa. Quen fai no escuro dos ventres as nais vasos coma nós, Xulieta, debería coidarse millor do viño con que nos enche”

No texto, hai agora ao marxe, i en tinta roxa, unha nota do sochantre que di: Aquí comezou a anoitecer e comezaron a amosarse os esqueletes.

XULIETA

Segue lendo

“¿Poderías coas túas mañanciñas perfumar o aer na noite, e mandarme unha memoria de canela na brisa?”

As mans de Xulieta, á luz da linterna, vense descubertas de carne. Xulieta, horrorizada de sí mesma, deixa cair a carta. As xentes botan grandes berros,

deloutras partes choran, o que di o coro repíteo a familia que está no adro, misturándose o argumento coa vida.

AS XENTES

¡Os suizos fóronse porque viña a peste! ¡Non traguía amor o correo que traguía a peste! ¡A peste moura! ¡Ven a peste de Siena!

Todos os cómicos son agora un feixe de esqueletes contra o tapiz de fondo, que chegou a noite.

AS XENTES DA MURALLA E DA PRAZA E O POBO TODO

¡A peste! ¡Trouxérana os cómicos! ¡A peste moura de Italia! O amor traguía a peste nos ósos! ¡Mirade a morte! ¡A peste! ¡A peste!

Todos fuxen, e a praza de Verona queda deserta, co laudista vagabndo durmindo preto da fonte, no tapiz. Os difuntos corren ata a carroza da que tiran dous esqueletes de cabalo. A carroza pérdese na noite. Escoitáanse aínda berros, vense luces polos camiños. Por derradeira vez, denantes de que se faga un gran silencio.

AS XENTES

¡A peste! ¡A peste está na vila! ¡A peste no mundo!

“Función de Romeo e Xulieta, famosos namorados” (*As crónicas do sochantre*)

- Lembra que, chegada a noite, os viaxeiros da carroza perden a súa corporeidade e convértense en esqueletos. A representación desta peza (incluída n'As crónicas do sochantre) ten lugar no Adro de Confront. Xulieta, interpretada por Madame de Saint Vaast, unha das viaxeiras, está a ler a carta que lle envía Romeo.


ACTIVIDADES

- Facede unha lectura dramatizada do texto.
- *Romeo e Xulieta* é tamén unha traxedia de William Shakespeare. Que lles acontece aos dous protagonistas? (procura información).
- Os viaxeiros da carroza son confundido con cómicos italianos e vense obrigados a representar no Adro de Confront esta peciña. Que lles acontece durante a representación?
- A representación desta peza, á parte de implicar un número elevado de personaxes (as xentes), debe resolver o problema da macabra metamorfose viaxeiros da carroza. Explica de que xeito a resolverías ti.

Outros Cunqueiros, outras historias

Ademais da poesía, a narrativa e o teatro, Cunqueiro cultivou outros xéneros literarios, imprimíndolles sempre un selo propio.

Alén das páxinas que escribiu como redactor dos distintos xornais nos que traballou, o mindoniense deixou centos de artigos asinados co seu nome ou cun pseudónimo. O abano de medios para os que colaborou foi amplo e diverso: *Grial*, *Vida gallega*, *La Voz de Galicia*, *El Progreso*, *Faro de Vigo*, *El Noticiero Universal*, *Destino*, *Sábado Gráfico* e un longo etcétera.



Os seus artigos, publicados moitos deles con posterioridade en volumes compilatorios, afástanse do xornalismo convencional e mesturan erudición e imaxinación. A noticia é en moitos deles un simple pretexto para facer digresións ou para contar historias, polo que as fronteiras entre estes textos e os narrativos resultan por veces difíciles de establecer.

Outro dos grandes intereses de Cunqueiro foi a gastronomía, á que dedicou numerosos artigos, así como os ensaios *Teatro venatorio y coquinario gallego*

(1958, con José María Castroviejo), *La cocina cristiana de Occidente* (1969) e o popular *A cociña galega* (1973).

Igualmente importante foi no conxunto da súa obra a tradución, principalmente de textos poéticos, que apareceron en publicacións diversas asinados as máis das veces con pseudónimo. A extensa nómina de poetas traducidos, sempre con liberdade e imaxinación, constitúe unha boa mostra dos seus intereses literarios. Máis curiosa resulta aínda a pseudotradución, ou tradución de poetas inventados detrás de cuxo nome figuraba o propio Cunqueiro. Esta última práctica é unha evidencia máis da inesgotable creatividade do escritor.

